Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro de Troña

O castro de Troña está en Santa Mariña de Pías, Ponteareas (Pontevedra).Tamén se coñece co nome de Monte Doce Nome de Xesús en atención á ermida que hai alí.

Cóntase que alí viviu unha serpe (hai unha inscultura cunha serpe rampante nun pendo) que de vez en cando baixaba e roubaba para comer bestas, ovellas e outros animais. Seica falaba coas cabras e dicíalels:

-¡Dáme do teu leite que eu che darei o meu peite!

Os veciños, para evitar aqueles roubos e por medo, acordaron turnarse e levarlle todos os días ao monte un animal. Pero logo, cansos de pagar aquelas rendas, decidiron matala da seguinte maneira.

Xuntaron moitos novelos de la, fixeron unha boa corda e colocaron un novelo groso na punta, déronllo a comer e cando a serpe picou, tiraron da corda e matárona a golpes. Enterrárona no adro da ermida e enriba puxeron un cruceiro.

Tamén se conta que debaixo da ermida hai un camposanto de mouros, que desde este mesmo lugar sae un camiño soterrado que vai ata o río Tea en Portavilares, que era o que usaban os mouros para ir ver os cabalos que tiñan alí.

Fálase doutro túnel que conduce desde o castro ata o Tea, onde chaman a Caldeira do Inferno, e na saída hai tesouro que ten forma de grade de ouro.

Outro prodixio é que mesmo diante da capela sae primeiro unha muller e despois unha serpe, e ás veces déixase

ver unha señorita que senta enriba dun penedo para peitearse con peites de ouro.
Neste castro hai noticia de máis tesouros: unha viga de ouro que vai desde o castro ata a Portela de Vilar, e unha grade de ouro, e un tear, todo de ouro, que se agachan debaixo do altar da ermida do Doce Nome de Xesús.

BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.

CARRÉ ALVARELLOS, Lois, Contos populares da Galiza, Porto, Museu de Etnografía e Historia, 1968.

COSTAS GOBERNA, F. J. e HIDALGO CUÑARRO, J. M., «La olvidada citania de Troña en Santa Marina de Pías. Ponteareas», en Faro de Vigo, 28 de outubro de 1979.

GARCÍA ALÉN, A., PEÑA SANTOS, A. de la, Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra, A Coruña, 1980.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., El folklore de los castros gallegos, Compostela, Universidade, 1971.

HIDALGO CUÑARRO, J. M., «El tema de la serpiente en el N.O. peninsular, en El Museo de Pontevedra», XXXV, 1981, pp. 229-284.

LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F., Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galicia, Compostela, Seminario de Estudos Galegos, 1929, 2, pp. 27-193.

LÓPEZ CUEVILLAS, F. e LORENZO FERNÁNDEZ, X., «Unha nova inscultura serpentiforme da citania de Troña» en Boletín da Real Academia Galega, XXVIII, A Coruña, 1957.

PERICOT, L., «Excavaciones en la citania de Troña», en Memorias de la Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades, 115, Madrid, 1931.

PERICOT, L., PARGA, I., «Castros de los alrededores de Mondariz Balneario: el castro de Troña», en La Temporada de Mondariz, 3/4, 1928.

RISCO, V., «Los tesoros legendarios de Galicia», en RDTP, t. 6, cad. 2-3, 1950, p.185.

VAQUEIRO, Vítor, Guía da Galiza máxica, Galaxia, Vigo, 1998.